

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE O PORRIÑO, SOBRE A CESIÓN OU COMUNICACIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DE DETERMINADAS TAREFAS PROPIAS DO PERSOAL DOS EQUIPOS ASISTENCIAIS DAS UNIDADES ASISTENCIAIS DE DROGODEPENDENCIAS E UNIDADES DE DÍA DE DROGODEPENDENCIAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde formalizaron o 20.03.2019 co Concello de O Porriño o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e até a finalización do seu obxecto, sendo a súa data máxima de vixencia, en todo caso, o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as condicións nas que se levará a cabo entre as partes a cesión ou comunicación de datos de carácter persoal necesarios para a realización de determinadas tarefas propias do persoal dos equipos asistenciais da unidade asistencial de drogodependencias da que dispón o Concello de O Porriño. Na súa virtude, o Concello de O Porriño obrígase á ceder ao Servizo Galego de Saúde os datos de índole sociosanitario recabados no exercicio das funcións inherentes a asistencia en materia de adiccións correspondentes ás persoas que manteñen tratamento na unidade de día e unidade asistencial de drogodependencias da que é titular este Concello. Estes datos serán incorporados a Historia Clínica Única do Servizo Galego de Saúde e ao aplicativo de xestión asistencial Xeceas Web do Servizo Galego de Saúde coa finalidade de mellorar os servizos de prestación de asistencia sociosanitaria pública ás persoas que presentan trastornos aditivos, favorecendo a coordinación das actuacións realizadas polos profesionais destas unidades e do servizo público de saúde a fin de realizar unha intervención integral .

Quedarán constancia no Xeceas Web daqueles pacientes cuxos datos teñan sido cedidos a fin de que as persoas interesadas poidan exercer os seus dereitos en materia de protección de datos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

O Concello de O Porriño dispón dunha unidade asistencial de drogodependencias autorizada como centros sanitario-asistenciais en base a Orde do 7 de xullo de 1988 sobre autorización de unidades, centros, servizos e establecementos sanitarios-asistenciais de tratamento de drogodependencias. A dita unidade sanitario asistencial desenvolve programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade, equidade e gratuidade. Dita atención comprende, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais.

Pola súa banda, dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos adicados á saúde mental.

Así as cousas, a través do presente acordo trátanse de articular as condicións que permitan levar a cabo a cesión por parte do dito concello, dos datos pertencentes a aquelas persoas que manteñan tratamento nalgún destes dous dispositivos durante a vixencia do presente acordo, e daqueles outros que tiveran realizado algún programa de asistencia sanitaria nos derradeiros cinco anos.



Dado que a cesión de datos á que se refire o citado acordo comporta a identificación de concretas persoas físicas, convértese nunha comunicación de datos de carácter persoal, á cal resulta amparada polo artigo 9.2 do Regulamento (UE) 2016/679, en consonancia co disposto na Disposición adicional decimo sétima da Lei Orgánica, 3/2018, do 5 de decembro. As comunicacións efectuadas realizaranse, en todo caso, con pleno respecto á normativa vixente en materia de protección de datos, así como á Lei 41/2002, de 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e deberes en materia de información e documentación clínica, á Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, á Lei 3/2001, de 28 de marzo, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes e ao Decreto 29/2009, de 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

